



FEDERACIÓN GALEGA
DE MONTAÑISMO
Rúa Fotógrafo Luis Ksado, 17
Oficina 10 - 36209 Vigo
Pontevedra



DEPORTE
GALEGO

ACTA DA REUNIÓN DA XUNTA DIRECTIVA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO QUE TIVO LUGAR DE FORMA TELEMÁTICA, O DÍA 9 DE SETEMBRO DO 2024.

Acta n.º 37

ASISTENTES:

PRESIDENTE DA FGM

López Sánchez, Alejandro

SECRETARIO XERAL DA FGM

González Iglesias, Carlos

VOGAIS DA FGM

Trueba Gayol, Marta

Bulnes Fraga, Rocío

Louro Fuentes, Alfonso

Gómez-Reino Varela, Antón

Freixeiro Cameselle, Xosé Henrique

Cancelo Barbeito, Fernando

Vázquez Fariña, María del Pilar

Fernández Rey, Fernando

Alfonso Pita, María Rocío

Sanz Ochoa, Katya

1. Saúdo e benvida do presidenta da FGM.

O presidenta ás 20.06 h comeza a reunión, recordando a importancia da confidencialidade dos asuntos que se debatenen Xunta Directiva (XD) e agradece a asistencia de todos e todas. Posteriormente fai un resumo da orde do día e dos diferentes puntos que se van a tratar.

2. Cuestións importantes de índole administrativa.

O presidente pon en coñecemento de toda a XD unha serie de cuestión de carácter administrativo, para a súa aprobación pola XD:

- Con respecto á situación da oficina durante o mes de agosto, no que o persoal estivo de vacacións, o presidente comenta que entre él mesmo e Marta Trueba estiveron pendentes do teléfono, e que maioritariamente atendéronse cuestións relacionadas con trámites de licenzas e partes de accidentes. Estudiaránse posibilidades de cara ao ano próximo para deixar ben atendidos aos federados.
- Relacionado con isto, abrese de novo o tema da contratación dunha terceira persoa para a oficina, para axudar ao persoal actual en momentos puntuais de maior carga de traballo ou incluso para o mes de agosto. Estableceranse os requisitos que debe ter a persoa que se contrate, se publicará a oferta de emprego e se estudiarán os currículos recibidos. Esta persoa tamén poderá dar apoio a labor administrativa propia da EGAM, a petición da súa directora.
- Por outra banda, xa está activo o convenio de colaboración coa Universidade de Vigo para que, dende o campus de Ciencias do Deporte de Pontevedra nos metan na lista de posibles colaboradores para as prácticas curriculares do seu alumnado.



- Quedan pendentes de revisión Reglamentos e composición de comités. O presidente está ao tanto do tema e en canto teña a revisión completada volveremos sobre o tema.
- O presidente informa así mesmo de que o próximo día 21 asistirá a unha reunión en Jaca co resto de presidentes autonómicos para estudar os convenios de integración das federación autonómicas na FEDME. Ademais indica que, como en novembro están previstas eleccións, é moi probable que en Outubro os dous candidatos visiten Galicia.
- Con respecto á paxina web e RRSS. A empresa que se encargou da renovación da web se seguirá encargando do mantemento da mesma e de aspectos técnicos relacionados con actualización de eventos redirixidos a RRSS. Ademais contamos coa colaboración desinteresada de Marta Pampín Montoto, que se está encargando de facer a labor de community manager das redes da federación.

Todas as cuestión plantexadas neste punto foron aceptadas e aprobadas por todos os asistentes.

3. Situación financeira da FGM.

O Presidente informa de que en breve se procederá á auditoría externa de contas tal e como se aprobou recentemente. Ademais comenta que a Xunta aprobou un incremento do plan corresponsables de 10.000 euros para a federación, pasando polo tanto a asignación total a uns 85.000 euros. Falarase cos distintos clubs para ver a posibilidade de que aumenten o número de actividades e facer o reparto dos 10.000 euros (deducido o 10% que queda na federación)

4. Proposta licenzas 2025.

Fernando Fernández fai un repaso exhaustivo de cada unha das modalidades de licenzas, presenta a súa proposta e advirte de que o próximo día 24 terá unha reunión co corredor de AON.

Se pretende unificar primas, apostar polos xóvenes e introducir a modalidade autonómica de licenza a un prezo mais reducido para aquelas modalidades de pouco riesgo, tales como sendeirismo ou marcha nórdica.

Neste punto, María Pilar Vázquez e María Rocío Alfonso interveñen solicitando que a modalidade BIS da licenza B sexa tamén aplicable a licenza AU.

5. Informes vogalías.

- Dende a vogalía de Medio Ambiente informase de que se está a traballar na realización de xornadas de medio ambiente cun aspecto formativo e de concienciación. Se barallan varias posibilidades. Antón aproveita para comentar que sería bó que a Federación solicitase unha reunión cos diferentes grupos políticos parlamentarios para que se nos teña máis en conta. O presidente aproveita para informar da posibilidade de poder taer o Festival BANFF de cine de Montaña ao auditorio do Gaiás en Santiago de Compostela.
- Dende a vogalía de sendeiros retomase o tema do convenio con Turgalicia, que finalmente será a dous anos cunha remuneración de 52.000 euros por ano, revisando e homologando e deshomologando sendeiros de dúas provincias cada un dos anos de duración do convenio. Asinarase en outubro e farase unha presentación oficial e institucional en novembro.
- Dende a vogalía de alpinismo informase de que este ano remata a convocatoria actual do ENAG e que próximamente abrase a convocatoria para empezar cun novo equipo o ano que ven.
- Dende a vogalía de escalada informase de que se está a traballar na organización dos campionatos 2024 nas diferentes modalidades, puidendo adiantar xa que o próximo 12 de outubro celebrábase o Campionato Galego de Dificultade.
- Dende a vogalía de andainas informase de que se cae unha das probas que estaba prevista realizarse o vindeiro 3 de novembro en Pereiro de Aguiar, e que o vogal manterá diferentes reunións



**FEDERACIÓN GALEGA
DE MONTAÑISMO**
Rúa Fotógrafo Luis Ksado, 17
Oficina 10 - 36209 Vigo
Pontevedra



**DEPORTE
GALEGO**

próximamente para ir perfilando o calendario do ano que ven.

- Dende a vogalía de Marcha Nórdica informase de que se fixeron dúas xuntanzas, unha en Salvaterra con 100 asistentes e outra en Taboada con 50 asistentes aproximadamente. Está prevista facer outro encontro en Manzaneda o 26 de outubro. Con estas tres xuntanzas pechamos o ano.
- Dende a vogalía de CxM informase de que quedan dúas probas para rematar o ano e ademáis o vogal presenta a proposta que lle fixeron dende o club de Chandrexa para organizar o Campionato de España en liña do ano que ven.
- En canto ao tema dos refuxios o presidente informa da necesidade de cambiar o sistema de reservas, para facelo de xeito mais automatizado. Estudiaranse propostas e ademáis visítaranse os catro refuxios cun arquitecto contratado para que nos conte as necesidades reais que demandan.
- Dende a EGAM, a súa directora informa dos problemas que están tendo coas devolucións económicas dos cursos que non se levan a cabo ou os que a xente finalmente non realiza. Propón facelo de xeito mais automático a través da plataforma playoff (estudiarase) e ademáis propón que se cobren gastos de xestión en función de cando a xente curse a baixa no curso. Ademais fala da necesidade de que exista a posibilidade de asinar directamente un consentimento informado por parte dos asistentes a cada curso.

6. Rogos e cuestións.

- O presidente propón realizar unha gala con carácter anual, na que teñan cabida todas as disciplinas e con premios meditados e rigurosos na súa adxudicación. Debatese e se chega ao consenso de facelo sempre a principio do ano seguinte, no mes de febreiro ou marzo, e contando sempre coa colaboración dalgún Concello que nos ceda instalación.
- O presidente informa de que se van a sortear tres licenzas do ano que ven entre a xente que etiquete en RRSS á federación facendo actividade. Sortearase unha en cada un dos meses que restan do ano, outubro, novembro e decembro.

E, cando son ás 22:32 horas , dase por rematada a reunión.

Asinado,
O Secretario Xeral da FGM
Carlos González Iglesias

Visto e prace,
O Presidenta da FGM
Alejandro López Sánchez